O SISTEMA SOLAR

- Completa as oracións coa palabra correspondente:

1. As galaxias son agrupacións de _____. A nosa galaxia denomínase _____.
2. Os planetas do sistema solar son astros que xiran arredor do Sol, nunha traxectoria case circular que se chama _____.
3. Os planetas do sistema solar clasifícanse en:
   - Planetas interiores, que son _____, Venus, _____ e Marte. Estes planetas son os que están máis próximos ao _____.
   - Planetas exteriores, que son _____, Saturno, _____ e Neptuno.
4. A Terra realiza dous movementos: o de _____ e _____.

- Une con frechas:

Os cometas	Son rocas de menor tamaño. Ao entrar en contacto coa nosa atmosfera, poden incendiarse e formar as estrelas fugaces.
Os meteoritos	Son corpos compostos por xeo, po e roca. Cando se acercan ao Sol, o seu xeo evapórase e ao seu paso deixan unha cola luminosa.
Os asteroides	Son grandes rocas que xiran arredor do Sol. Adoitan atoparse nunha zona entre Marte e Xúpiter chamada cinto de asteroides.